

INFORMACIÓN SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR CURSO 2023/2024

- LIÑA DE CORCUBIÓN DO IES FERNANDO BLANCO

O alumnado da ESO IES Fernando Blanco, con domicilio en Corcubión, non ten que facer solicitude para viaxar na liña de Corcubión.

O alumnado do ensino post-obrigatorio que desexe utilizar a liña de transporte escolar para ir a Corcubión deberá cumprimentar unha solicitude de usuario excepcional e presentala na oficina do centro ou enviala ao seguinte enderezo email: ies.fernando.blanco@edu.xunta.gal

A liña de Corcubión é unha liña xestionada pola Consellería de Educación e, de existir prazas suficientes, poderá facer uso da mesma o alumnado do centro que previamente o teña solicitado e aprobado.

- RESTO DE LIÑAS DO IES AGRA DE RAÍCES

O alumnado da ESO do IES Agra de Raíces é usuario gratuito das liñas de transporte do IES Agra de Raíces.

O alumnado da ESO e o dos Ciclos Básicos (ata os 16 anos) do IES Fernando Blanco ao estar en idades de escolarización obrigatoria poderán utilizar gratuitamente as liñas do IES Agra de Raíces como “usuarios excepcionais” sempre e cando existan prazas dispoñibles.

O resto do alumnado do ensino non obrigatorio (bacharelato, ciclos medios e superiores) do IES Agra de Raíces e do IES Fernando Blanco poderán utilizar esas liñas se houbera prazas dispoñiblese pagando a tarifa correspondente. Son liñas de transporte xestionadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade nas que pode ir “público xeral” nas mesmas pagando o billete correspondente, sempre e cando existan prazas dispoñibles.

Este alumnado do ensino non obrigatorio entraría nesta categoría de “público xeral”, co cal non teñen que facer solicitude para utilizar o servizo de transporte.

Aproveitamos para informarlles que existe a tarxeta “Xente nova”, para menores de 21 anos, co que este colectivo pode viaxar na rede de transporte público de Galicia pagando o billete e que a Xunta lles reintegra o importe consumido na quincena anterior a partir dos días 5 e 20 de cada mes.

No seguinte link poden consultar a información de como funciona e o xeito de solicitala:

<https://www.bus.gal/gl/xente-nova>